



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS  
AO CONSELLO ESCOLAR  
CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/nais**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021 (eleccións adiadas de 2020).
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do 9 novembro que está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 17 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Administración do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 11 de novembro ata as 14:00h do 18 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o día 21 de novembro, ás 14:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.



5. A campaña electoral comprenderá dende o 24 ao 27 de novembro, ambos os dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición a presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 29 de novembro, de 16'00 a 18'00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:00 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **dun nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal dos alumnos.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón, 10 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo: Ana Ayala Rodríguez